

# Convocatoria Campus Rural para estudiantes

## I. Obxecto

Convócanse 12 bolsas para estudantes de grao e máster oficial da Universidade da Coruña no marco do Programa Campus Rural de Prácticas Universitarias no Medio Rural.

O Programa Campus Rural é unha iniciativa desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en colaboración co Ministerio de Universidades e as Universidades Públicas Españolas, que permitirá que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida levar a cabo prácticas académicas en municipios de menos de 5000 habitantes en zonas rurais con problemas de despoboación de calquera comunidade autónoma do estado español, a través de entidades públicas e privadas cuxas dependencias estean ubicadas nas zonas obxecto da iniciativa, sexan concellos, mancomunidades e outros organismos. Tamén en asociacións, cámaras de comercio ou fundacións sen ánimo de lucro e empresas legalmente constituídas, entre outras.

O obxectivo perseguido é que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboación, residindo no mesmo, coñecéndoo en profundidade, convivindo e colaborando coa súa xente, de modo que poidan velo como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro profesional.

## II. Dotación das bolsas

Cada estudante seleccionado/a para este programa contará cunha prestación económica de 1.000 euros brutos mensuais, máis os gastos.

A Universidade recibirá as aportacións do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, debendo destinalas:

- a. ao pagamento dunha bolsa ou axuda económica a cada estudante participante.

- b. ao cumprimento das obrigas que, en materia de Seguridade Social, fiscal ou de calquera outro tipo, con carácter xeral, lle correspondan ou poidan chegar a corresponderlle por imperativo legal ou regulamentario á propia UDC en canto financiadora directa das bolsas.
- c. e ao cumprimento das obrigas que, en materia de Seguridade Social, fiscal ou de calquera outro tipo con carácter xeral, correspondan ou poidan chegar a corresponder, por imperativo legal ou regulamentario, ao que obxectivo a condición de empresario ou equivalente en relación co alumnado que realice prácticas, según Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario, e Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, ou calquera outra normativa de carácter xeral que a complemente, modifique ou substitúa, incluídas, entre outras, no seu caso, as de alta, cotización e ingreso, pagamento de cotas e seguros, incluso de accidentes ou de responsabilidade civil.

### III. Período de realización e duración das prácticas

As prácticas realizaranse entre o 1 de xuño e o 31 de outubro de 2022, non sendo posible a súa realización fóra deste período. A duración mínima das prácticas é de tres meses, prorrogables a cinco en casos moi xustificadas.

### IV. Requisitos para o alumnado

1. Estar matriculado/a nunha titulación que figure entre as descritas na oferta de prácticas.
2. Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos correspondentes á formación básica. No caso do alumnado de máster, a porcentaxe anterior será do 25% no momento de finalización do prazo de inscrición (según consta no Regulamento de prácticas externas do alumnado da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno de 23 de abril de 2013 e

modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018 e 04/06/2019). Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade no momento do inicio das prácticas.

## V. Criterios de selección

1. Nota media do expediente, con 2 decimáis, unha vez finalizadas todas as convocatorias do curso 2020/2021.
2. En caso de similar nota media, terase en conta o maior número de créditos superados.
3. Seleccionaranse 12 estudantes, preferentemente 6 estudantes das ramas de humanidades e ciencias sociais, outros 6 das ramas de ciencias, ciencias da saúde e enxeñarías. Aplicaranse os criterios nomeados nos puntos 1. e 2. do presente apartado de criterios de selección.
4. Se a un ou unha estudante se lle asigna a entidade que seleccionou en primeiro lugar, xa non pode cambiar á segunda opción elixida e así sucesivamente.
5. Se un estudante ou unha estudante renuncia á asignación non ten posibilidade de que se lle asigne outra entidade e esta pasa de novo ao listado de entidades pendentes de asignación de estudantes.

## VI. Prazos

1. Presentación da solicitude: do 19 ao 27 de abril.
2. Publicación do listado provisional: 04 de maio.
3. Prazo de reclamacións: do 05 ao 09 de maio.
4. Publicación do listado definitivo: 13 de maio.

## VII. Prazo de inscrición

Desde o 19/04/2022 até o 27/04/2022.

## VIII. Presentación de solicitudes

Para participar no programa o alumnado deberá cubrir e enviar o seguinte formulario:

<https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=PughzrJgdU-mwqYCLo-WGzsH193uEO9MiMxnfcz-rYtUOFFCTFhQQUxYVERNV1ZfVkJZQMjNGQkVMUjQIQCN0PWcu>

## IX. Comisión de selección

- Estefanía Mourelle Espasandín. Adxunta da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade.
- Ana Beatriz Rivera Cores. Técnica de emprego.
- M<sup>a</sup> del Pilar Feal Rodríguez. Técnica de emprego.
- Janet Fernández López. Técnica de emprego.
- José Ángel Felpeto Lamas. Técnico de emprego.
- M<sup>a</sup> Inmaculada Muñoz Pliego. Técnica de emprego.

## X. Protección de datos

Os datos de carácter persoal aportados polas persoas solicitantes serán tratados para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/Maestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Así mesmo, terá dereito a

presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## XI. Información

Emprego UDC Campus de Ferrol  
Edificio de Apoio ao Estudo, baixo  
Campus de Esteiro

Extensións: 3618, 3617, 3616

Correo electrónico:

[<emprego.vepem@udc.gal>](mailto:emprego.vepem@udc.gal)

Emprego UDC A Coruña  
Pavillón de Estudantes, 1º andar  
Campus de Elviña

Extensións: 2916, 2903

Correo electrónico:

[<emprego.vepem@udc.gal>](mailto:emprego.vepem@udc.gal)